

Silva, Maurício (org.) (2009): *ORTOGRAFIA DA LÍNGUA PORTUGUESA. HISTÓRIA, DISCURSO, REPRESENTAÇÕES*. São Paulo: Editora Contexto, 180 pp.

Orthographia a nossa!

O Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa asinado en 1990 en Lisboa, rexeitado nun principio tanto por portugueses como por brasileiros, orixinou unha marea de publicacións aquí e alén mar, con posicionamentos a favor e en contra de lingüistas, intelectuais e políticos. De entre a lista longa de títulos localizables nas librarías e en internet, escolmamos o volume colectivo *Ortografia da língua portuguesa. História, discurso, representações*, unha colectánea organizada por Maurício Silva que, desde o Brasil, repasa os antecedentes históricos do proceso de unificación en curso —en Brasil entrou oficialmente en vigor o 1 de xaneiro de 2009—, centrándose de maneira singular nos intentos que, a partir do século XIX, intentaban conxugar na república ultramarina que acababa de independizarse a ortografía herdada da metrópole coas peculiaridades enxebres da realidade lingüística daquel país. Como sabemos, as tensións, coñecidas noutros estándares occidentais, entre escritura e oralidade, tradición e reforma ou fide-

lidade etimolóxica e renovación fonoloxicista, entremestúranse aquí coas derivadas do diferencialismo propugnado no Brasil como reforzo emancipatorio (“depois de implantado o Estado Nacional, impunha-se como tarefa o desenho de uma imagem para essa nação”, p. 115), circunstancia que ocasionou unha situación de duplicidade ortográfica nun dos máis sinalados estándares occidentais. As tentativas de eliminar esa dualidade, de conseguir “que se não escreva a lingua diversamente, na Europa e na América” (Filipe Franco de Sá, *A lingua portuguesa: dificuldades e duvidas*, Maranhão, Imprensa Oficial, 1915, p. 71) resultan tamén de vello coñecidas. No que fai ao punto de vista adoptado, cómpre mencionar que a palabra *nacionalismo* figura no título de dous dos artigos escolmados, e en catro dos oito que conforman o volume atopamos expresións do tipo *brasileira* ou *no Brasil*, un enfoque que resulta de interese para os galegos, ao ofrecer puntos de vista non sempre tan divulgados entre nós coma os dominantes en Portugal.

Se Evanildo Bechara (pp. 11-16) comenta de maneira bastante ecuánime os problemas que poderían derivarse dunha reforma de base fonética da escrita, Luiz Carlos Cagliari (pp. 17-52) manifesta a súa máis firme oposición a unha reforma deste tipo, que considera sen sentido e que tería, ao seu xuízo, nula incidencia no ámbito escolar (p. 24). En apoio da súa postura, Cagliari dedica varias páxinas a criticar de maneira bastante severa algunhas das formulacións da investigadora francesa Nina Catach (“Seu trabalho teórico é sem saída”, p. 28). E iso, a pesar de recoñecer a importancia dalgúns dos seus contributos máis coñecidos, como a hipótese das dimensións *cenémica* e *plerémica* (p. 31) dos sistemas de escrita occidentais (hipótese, por certo, formulada orixinalmente non por ela senón por M. A. French, e que podemos atopar tamén en clásicos da reflexión occidental sobre a lingua escrita como William Haas ou Florian Coulmas). Ao noso ver, unha cousa

é non compartir a postura de Catach sobre os sistemas de escritura e outra ben distinta catalogar o traballo da investigadora francesa como “contribuição duvidosa” e de resultados “decepcionantes” (p. 33), sen alicerzar a crítica sobre argumentos de peso. E todo isto nun artigo titulado “Aspectos teóricos da ortografia”. A descualificación a Catach, a quen recoñece grande influencia nos estudos sobre ortografía no Brasil (p. 29), perde máis forza aínda ao ser emitida por un autor que non sempre xebra con nitidez entre os eidos da *ortografía* e da *ortoe pia* (“É a ortografía e não o alfabeto que determina que *som* uma letra tem”, p. 40; ou, máis adiante, “[...] é a ortografia que define de que letra se trata (categorização gráfica) e qual *som* a letra tem (categorização funcional)”, p. 41, cursivas nosas nos dous casos) e despreza en termos semellantes aos empregados contra Catach un título de referencia como *L’Orthographe* de Claire-Blanche Benveniste e André Chervel (“Um trabalho curioso, mas pouco prático”, p. 48, n. 20).

No seguinte artigo do noso volume, Rolf Kemmler (pp. 53-94), repasa de maneira documentada a historia da “ortografía simplificada” en Portugal e no Brasil, ao tempo que defende a ortografía dupla e a facultatividade como alternativas que fagan viable o proceso de unificación ortográfica do único gran estándar occidental con dúas normativas en uso. A investigadora Maria Filomena Gonçalves (pp. 95-113) contribúe cunha revisión das propostas dos *sônicos* oitocentistas á luz dos ideais republicanos e o pulo do fonolóxico no ámbito europeo coetáneo. Olga Ferreira Coelho (pp. 115-132) céntrase na obra de José Jorge Paranhos da Silva (*O idioma do hodierno Portugal comparado com o do Brazil por um brasileiro*, 1879; *Sistema de orthographia brasileira*, 1880) para explicar como a fonética e o léxico actuaron como fontes de arrequentamento do diferencialismo nacionalista brasileiro no século XIX. Nunha liña similar, Leonor Lopes Fávero e Monalisa dos Reis Aguiar (pp. 133-147), sinteti-

zan en contraste as propostas do citado J. J. Paranhos da Silva ou Miguel Lemos, que propugnaban unha “ortografía brasileira”, e Feliciano de Castilho ou Jorge Ventura Bôscoli, que defendían a ortografía portuguesa tradicional. A continuación, Ricardo Cavaliere (pp. 149-164) reflexiona sobre o camiño percorrido pola Ortografía nos libros de gramática, desprazada desde a súa posición de privilexio nos tratados gramaticais decimonónicos (ao lado da Sintaxe ou a Prosodia, por exemplo) ata outra por completo secundaria nas gramáticas da lingua portuguesa da segunda metade do século XX, onde apenas representa un apéndice no capítulo dedicado á Fonética. Finalmente, o organizador do volume ofrece unha panorámica sobre os intentos reformistas brasileiros focado no papel desempeñado pola Academia Brasileira de Letras (pp.165-176).

No que toca aos aspectos máis puramente formais da publicación que comentamos, temos que sinalar que, a excepción do <h> de <had> (“aceitação de soluções *had hoc*”, p. 118), gralla especialmente aberrante nunha monografía centrada no ortográfico, e da ruptura da correlación numérica das notas a rodapé no artigo de Kemmler (que nos obriga a ler o envío número 72 na nota a rodapé número 73 , o do 73 na nota 74, etc.), a edición resulta en xeral curiosa e ben presentada.

En definitiva, o volume ofrece ao lector un repaso histórico dos discursos e representacións sobre a ortografía xurdidos no Brasil a partir da súa independencia no século XIX. Ao conflito *sônicos* vs. *etimologistas* que centraba as discrepancias no Portugal da época, cómpre engadir no ámbito brasileiro unha pulsión nacionalista que se traducirá en vontade expresa de emancipación da académica, etimolóxica —e metropolitana— convención ortográfica europea.

Serafín Alonso Pintos